

Un spin off galáctico que non entusiasma

Phil Lord e Chris Miller (*Choiva de albóndegas*, *A LEGO película*) foron os encargados iniciais de dirixir este *spin-off* na segunda entrega da sub-saga *Unha historia de Star Wars*. Seica din as malas linguas que, debido á escasa experiencia que tiñan neste tipo de súper producións, era o axudante de dirección quen dirixía a maioría das tomas. Cando isto chegou a ouvidos dos produtores, foron despedidos ipso facto. (...)

Para lle dar vida a Han Solo de mozo, contrataron un actor con bastante parecido con Harrison Ford (o Solo orixinal). O elixido foi o californiano Alden Ehrenreich, que antes de cumprir os trinta xa pode presumir de traballar con cineastas do talle de Francis Ford Coppola (en *Tetro*), Woody Allen (en *Blue Jasmine*) ou os irmáns Coen (en *Ave César!*). Certamente acada non ser unha imitación de Ford e logra imprimirlle un punto de carácter diferente moi de agradecer. (...)

Si, desvelarase un dos segredos máis enraizados en Star Wars: como é que Han Solo conseguiu para si o Falcón... Pero antes, como é natural, saberemos como é que se coñeceron Chewacca e mais el e por que se fixeron tan inseparábeis. Entremedias presenciaremos unha montaña rusa de acción e aventuras cheas de efectos especiais protagonizadas por un mozo idealista que aínda non sabe que acabará convertido nun dos heroes canallas máis queridos da saga.

Non lle falta unha boa dose de adrenalina, que lla imprime Howard á metraxe regalando un par de secuencias de morder as unllas polas que xa paga a pena o filme. Cara ao final vai perdendo fol, mais acaba sendo bastante mellor que *Rogue One*, o cal é case un milagre tras todos os atrancos que tivo que superar para chegar a porto. Mais, agora que o penso, *Star Wars* é da Disney, polo que se superarían os atrancos cuns cantos ceros á dereita. Non che me dan peniña ningunha.

Conclusión: o *spin-off* de *Han Solo* non decepciona, pero tampouco nos entusiasma. Supoño que, visto o visto, todo o que desde agora leve o subtítulo de *Unha historia de Star Wars* haberá que collelo con pinzas.

Adaptación de *Crítica de cinema das sextas feiras*, de Andrés Castro, Nós Diario, 22/06/18